

D. Roberto Souto Díaz, director do CEIP Sagrado Corazón de Lugo,

Comunícalle:

Que o Consello Escolar do CEIP SAGRADO CORAZÓN, na sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2023 ás 18:30 horas e ao abeiro do disposto no artigo 9 do *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, (DOG do 15 de febreiro)* e dos artigos 13 e 24 da *Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 8 de novembro)*, dentro dos Criterios de Admisión figura o *criterio complementario* que poderá escoller cada centro docente considerando calquera circunstancia relevante e obxectiva, ACORDANDO, por unanimidade, o seguinte:

1.- Modificar o anterior acordo do Consello Escolar celebrado o día 25 de xaneiro de 2014 e establecer como novo criterio complementario para o procedemento de admisión de alumnado:

-Solicitar unicamente centros de ensino público.

2.- A acreditación farase de oficio polo propio centro, considerando o documento acreditativo a propia solicitude de admisión, ANEXO II da citada Orde do 21 de outubro de 2022.

3.- tal e como establece a citada Orde, a valoración deste criterio será de 1 punto.

4.- Acórdase que este criterio será vixente e aplicable ata que sexa modificado polo Consello Escolar do Centro.

O que lle comunico en virtude do establecido no punto 2 do artigo 24 da Orde do 21 de outubro de 2022 en Lugo a 26 de xaneiro de 2023.



XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,  
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DE LUGO